

# SISTEMA INTEGRAL DE XESTIÓN DAS AULAS E LOCALIZACIÓN DO ALUMNADO

## Práctica SIGALA

**Manual:** <http://profesblanco.blogspot.com.es/2011/10/sigala-e-italc.html>


SIGALA é o acrónimo de "Sistema Integral de Xestión de Aulas e Localización de Alumnado". Trátase dun software que permite a xestión de aulas de xeito descentralizado (sen necesidade de ter servidores de usuarios).

Desenvolvido polo CGA (Centro de Gestión Avanzada) da Junta de Andalucía e integrado en Guadalinux Edu 9.04 , foi adaptado para cubrir as necesidades de compartición de ficheiros das aulas Abalar.

Ademáis, a integración de Sigala co software ITALC vai a permitir ao profesorado de aulas Abalar levar un completo control dos equipos informáticos do seu alumnado.

### No equipo do profesor

1. Na sección accesorios, debemos inicialmente acceder a icona "cambiar nome". Mediante esta opción o profesor se identifica dentro da aula: **Luciprof**



2. Na sección accesorios, na icona "crear grupo" , debemos crear o grupo da aula abalar: **1ESO**
3. Na barra de tarefas superior esquerda, unha icona nos indica que somos o administrador da aula.

### No equipo do alumno


1. Na sección accesorios, debemos inicialmente acceder a icona "cambiar nome". Mediante esta opción o alumno se identifica dentro da aula: **Pepi**
2. Na sección accesorios, na icona "conectarse o grupo", debemos seleccionar a aula e darlle o botón "conectar".
3. Na barra de tarefas superior dereita, a icona residente do programa Sigala cambia o punto de cor bermello pola cor verde, indicando que somos usuarios da aula.



A partires deste momento o programa ITALC xa funciona correctamente, e estamos en disposición de compartir arquivos e realizar tarefas colaborativas na aula.

## O profesor comparte un arquivo para todos os alumnos

- No ordenador do profesor, premendo na icona da parte superior esquerda, visualizamos a fiestra de control de SIGALA. O menú “aplicaciones” aparece habilitado (se xa creamos o grupo) e premendo nel podemos acceder a opción “compartir”. Dándolle aceptar, dispoñemos o equipo para compartir ficheiros cos alumnos e para recepcionar os que eles desexen enviarnos.



Os arquivos que queramos compartir cos alumnos só necesitamos colocalos na carpeta: **profesor/sigala**.

- No ordenador do alumno**, premendo na icona da parte superior dereita, dispón do menú “Herramientas”, “ficheros compartidos”. Ábrese unha nova fiestra na que se lle amosan os ficheiros que o profesor colocou no seu equipo.

## O alumno entrégalle un arquivo o profesor

- No ordenador do alumno na mesma fiestra anterior, o alumnos dispón dun lugar onde ten a posibilidade de arrastrar o arquivo que queira entregarlle o seu profesor.
- No ordenador do profesor, dentro da carpeta:

**profesor/sigala/subidas/nome do grupo**

creose automaticamente unha carpeta por cada alumno que entrega un arquivo. Basta entrar nesa carpeta para recoller os arquivos.

